

INFORMACIÓN SOBRE O INICIO DO CURSO

Infórmase ás familias que nos primeiros días de setembro terán detallada información sobre o inicio do curso. Neste novo curso vai a primar a seguridade do alumnado e tódalas actuacións terán ese denominador común. Deben permanecer moi atentos á información que van a recibir por **Abalar Móbil** eses días, así como á que se irá publicando **neste espazo da web do centro**. Na actualidade estase a traballar nos tres protocolos de actuación no contexto Covid que se nos require dende a administración, aos que poderán acceder aquí, nos primeiros días de setembro, para a súa consulta:

- **Plan de Adaptación á situación Covid.**
- **Plan de Acollida.**
- **Plan de Continxencia.**

O curso comezará cunha incorporación gradual do alumnado do seguinte xeito:

- O día 10 de setembro: 4º e 5º de Educación Infantil e 1º, 2º e 3º de Educación Primaria.
- O día 11 de setembro: 6º de Educación Infantil e 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

MELLORAS PARA O PRÓXIMO CURSO

Incremento do profesorado

O noso centro conta con tres cursos de Infantil e 7 de Primaria posto que 4º curso de primaria está desdoblado.

Para o curso 2020-2021 o Claustro de Profesores do colexio **non verá incrementado o seu número de profesoras e profesores.**

É posible que nalgún momento do curso poda haber serias dificultades para a atención ao alumnado. Como saben hai novo Equipo Directivo e tanto o Equipo como o resto de profesorado do Claustro tomaremos as medidas necesarias segundo o protocolo de

adaptación ao contexto COVID 19 e as recomendacións sanitarias do comité clínico, publicado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Consellería de Sanidade.

COMEDOR ESCOLAR. AVISO IMPORTANTE

Infórmase ás familias que o alumnado usuario do comedor para o curso 2020-21 é de 82 comensais, os cales teremos que distribuír en diferentes quendas para cumprir coas medidas de aforo e distancia interpersoal dispostas no citado protocolo.

PUBLICACIÓN DE INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Segundo o establecido no protocolo publicado pola Consellería coas recomendacións de sanidade, en canto as medidas establecidas para ás reunións e comunicacións coas familias determina utilizar como mecanismo xeral a reunión no presencial mediante videochamada ou teléfono.

Por iso, ante a imposibilidade de realizar unha reunión conxunta coas familias de xeito presencial, manteremos o contacto transmitindo toda a información relacionada co inicio de curso (entradas, saídas, comedor...) que recollamos no noso “Plan de adaptación ao contexto COVID” a través da páxina web.

A partir da vindeira semana, deberán permanecer pendentes das publicacións na páxina web, onde subiremos diferentes documentos con toda a información detallada.

No caso de existir dúbidas, poderán poñerse en contacto con nós a través dos teléfonos do centro.